



**Resolución reitoral do 14/01/2020, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos**

O artigo 5.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que corresponde a cada Administración pública, no seu propio ámbito de competencias, delimitar as unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da súa organización.

Os órganos unipersoais centrais da nosa universidade aparecen descritos nos artigos 13, 20, 21, 22 e 23 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e nos artigos 22 e 35 a 40 dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

Esta normativa asignalles aos reitores das universidades unha parte importante das competencias que a autonomía universitaria lles confire aos órganos universitarios e deixa á súa vontade a determinación discrecional do número e ámbito de competencias das vicerreitorías. A nova composición do equipo de goberno resultante das eleccións do día 4/12/2019 obriga a adaptar a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña, especificando as súas competencias para unha maior claridade e seguridade xurídicas.

Ao propio tempo, a actividade administrativa da Universidade da Coruña leva a canda si unha concentración de funcións na persoa titular da Reitoría que aconsella, dado o seu volume, recorrer á técnica da delegación de competencias. Esta técnica permite a axilización administrativa necesaria, e redonda en beneficio tanto da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos esixe.

De acordo con isto, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 8 a 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os Estatutos desta universidade e as demais disposicións de aplicación xeral,

RESOLVO aprobar a estrutura orgánica dos seus servizos centrais e as competencias contidas no anexo.

Esta disposición entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta resolución.

O reitor  
Julio Abalde Alonso

## ANEXO

### Artigo 1. Composición do equipo de goberno

1. Para o exercicio das competencias e o cumprimento dos fins propios da Universidade da Coruña, o seu equipo de goberno estará formada polas persoas titulares da Reitoría, da Secretaría Xeral, da Xerencia e das seguintes vicerreitorías:

- a) Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia
- b) Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente
- c) Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente
- d) Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica
- e) Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- f) Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación
- g) Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade
- h) Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
- i) Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

2. Os órganos unipersoais enumerados na alínea anterior terán a consideración de órganos administrativos de dirección, agás o reitor, que terá a consideración de órgano superior.

3. Os órganos de dirección intégranse no Consello de Dirección, que se reunirá periodicamente para asesorar o reitor na dirección política estratéxica do goberno, e o desenvolvemento e seguimento das políticas universitarias. A convocatoria do Consello será realizada pola Secretaría Xeral, por orde do reitor, que presidirá o Consello de Dirección. As deliberacións do Consello de Dirección serán secretas.

### Artigo 2. Da Secretaría Xeral

1. Sen prexuízo das competencias que lle outorguen outras disposicións legais, a Secretaría Xeral terá as seguintes competencias propias:

- a) A fe pública dos acordos dos órganos colexiados de goberno dos cales forme parte e das actuacións en que estea presente como tal.
- b) A formación e custodia dos libros de actas do Claustro e Consello de Goberno da Universidade, así como a potestade certificante do que tales libros conteñen e daqueloutras cuestións que consten na documentación oficial da Universidade cuxa certificación non corresponda a outro órgano unipersoal.
- c) A custodia do arquivo universitario, sen prexuízo do establecido nestes Estatutos, e do selo oficial da Universidade.
- d) A publicidade dos actos e acordos da Universidade.
- e) A organización dos actos solemnes da Universidade e a xefatura do protocolo.



2. Así mesmo, exercerá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) A superior dirección e supervisión da política de normalización lingüística, a través do Servizo de Normalización Lingüística.
- b) A superior dirección e supervisión da legalidade da actuación administrativa da Universidade, a través da Asesoría Xurídica.
- c) A tramitación das propostas de convenios de colaboración, e a aprobación dos modelos de convenio.
- d) A resolución dos recursos de alzada, reposición (agás os indicados no apartado 1 do artigo 6) e extraordinario de revisión cando a facultade de resolución corresponda ao reitor, así como a suspensión dos actos impugnados en vía administrativa.
- e) A admisión a trámite e resolución das solicitudes de revisión de oficio, a declaración de lesividade dos actos anulables e a revogación de actos de gravame ou desfavorables.
- f) A resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial atribuídos ao reitor.
- g) A coordinación das políticas de revisión e actualización normativas.

3. Baixo a dependencia orgánica e funcional da Secretaría Xeral sitúanse as seguintes unidades:

- Oficina de Apoio á Secretaría Xeral
- Asesoría Xurídica
- Servizo de Normalización Lingüística
- Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo
- Oficina de Protocolo

### **Artigo 3. Da Xerencia**

1. A Xerencia asumirá como propias, baixo a autoridade do reitor, as competencias relativas á xestión dos servizos económicos e administrativos non atribuídos a outros órganos directivos.

2. A Xerencia exercerá por delegación do reitor as competencias relativas ao persoal de administración e servizos, agás a imposición de sancións disciplinarias e as restantes competencias que legalmente estean reservadas ao reitor.

3. A Xerencia exercerá por delegación todas as competencias e funcións que a lexislación de contratos do sector público lle atribúe ao órgano de contratación administrativa.

4. A Xerencia exercerá por delegación as competencias relativas ao patrimonio da Universidade, sen prexuízo das competencias da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

5. Baixo a dependencia directa da Xerencia situaranse as seguintes unidades:



- Vicexerencia de Asuntos Económicos e Análise de Custos
- Vicexerencia do Campus de Ferrol e Apoio ao Emprego
- Servizo de Xestión Financeira
- Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica
- Servizo de Intervención
- Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
- Servizo de Persoal de Administración e Servizos
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Servizo de Distribución e Transporte

6. A Unidade de Medios Audiovisuais e o Servizo de Informática e Comunicacions dependerán da Reitoría, agás o que atinxe á súa xestión económica, que corresponderá á Xerencia.

#### **Artigo 4. Competencias da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia**

1. A Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia asumirá as funcións relativas á promoción e avaliación da investigación, política científica e difusión da actividade investigadora, supervisión das estruturas propias de investigación e centros propios de investigación.

2. Para o exercicio das anteriores funcións, terá as seguintes competencias delegadas:

- a) As de xestión e coordinación dos recursos de investigación e as de realización de propostas de equipamento de centros de investigación.
- b) As correspondentes ás relacións con axentes de investigación, nacionais e internacionais, e con outros centros de I+D.
- c) A promoción, avaliación e recoñecemento da transferencia de coñecemento en todos os ámbitos.
- d) As relacionadas cos parques científicos e tecnolóxicos, centros tecnolóxicos, empresas de base tecnolóxica e viveiros de empresas.
- e) A proposta, formalización e contratación de proxectos de investigación, tanto no ámbito nacional como internacional.
- f) A contratación de persoal con cargo a programas, convenios e proxectos de investigación, en coordinación coa Xerencia.
- g) Resolución dos procedementos de concesión de axudas e subvencións de investigación e, se é o caso, acordar o seu reintegro, así como a incoación de procedementos sancionadores e a imposición de sancións tipificadas como leves e graves nos artigos 54 e 55 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, agás a que se delegue noutros órganos.

3. Baixo a dependencia directa da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia sitúanse as seguintes unidades:

- Servizo de Investigación

- Servizos de Apoio á Investigación (SAI)
- Centros tecnolóxicos:
  - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)
  - Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (CITIC)
  - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)
  - Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)
- Servizo de Biblioteca Universitaria

### **Artigo 5. Competencias da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente**

1. A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente asumirá as funcións relativas a planificación, seguimento, control e actualización do persoal docente e investigador (PDI), así como sobre a organización e xestión das estruturas académicas.

2. Por delegación do reitor, exercerá as competencias sobre recoñecemento de situacións administrativas do PDI, recoñecemento de trienios e quinquenios, xestión dos procedementos de acceso á función pública docente, e tramitación dos procesos disciplinarios do PDI, agás a resolución destes.

3. Dependerá desta vicerreitoría o Servizo de Persoal Docente e Investigador

### **Artigo 6. Competencias da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente**

1. A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente exercerá por delegación do reitor as competencias seguintes:

- a) A xestión da oferta de titulacións e das estruturas académicas, a planificación das titulacións oficiais de grao, máster universitario, posgraos, programas de doutoramento e títulos propios, os procedementos de verificación, acreditación, seguimento e modificación dos títulos oficiais e a reforma dos títulos propios e a coordinación e control dos centros adscritos.
- b) Os procedementos de expedición de títulos oficiais e de títulos propios.
- c) A resolución dos recursos de alzada e de reposición interpostos contra as resolucións dos decanos e dos directores das facultades e escolas en materia académica, agás aqueles que deban ser informados preceptivamente pola Comisión de Plan de Estudos, delegada do Consello de Goberno, que en todo caso serán resoltos polo reitor.
- d) As referidas á organización, avaliación e seguimento dos procesos de calidade.
- e) As relativas á xestión e tramitación das teses de doutoramento.
- f) A modificación das actas oficiais de cualificación do estudantado.
- g) A resolución de solicitudes de equivalencia de titulacións obtidas no estranxeiro para realizar estudos de grao e posgrao.



2. Baixo a dependencia directa desta vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Servizo de Organización Académica
- Escola Internacional de Doutoramento
- Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa
- Universidade Sénior
- Unidade Técnica de Calidade

### **Artigo 7. Competencias da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica**

A Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica asumirá por delegación do reitor as competencias relativas á planificación económica e estratéxica da Universidade e elaborará, en colaboración coa Xerencia, as liñas e directrices do orzamento anual da Universidade, así como os seus criterios de execución e liquidación.

### **Artigo 8. Competencias da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade**

1. A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade asumirá por delegación do reitor as competencias de xestión das distintas bolsas de estudo e os seus procedementos derivados, a difusión da oferta académica e a captación de alumnado ben como tamén, de ser caso, a presidencia e/ou representación da Universidade nos distintos órganos que se constitúan para a súa xestión.

2. Baixo a dependencia directa desta vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Servizo de Estudantes
- Servizo de Apoio e Asesoramento ao Estudante
- Observatorio Ocupacional

### **Artigo 9. Competencias da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación**

1. A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación asumirá por delegación do reitor as seguintes competencias:

- a) Fomento da internacionalización e o deseño das estratexias e políticas para as relacións internacionais e a cooperación internacional.
- b) A representación institucional en foros e eventos internacionais.
- c) Deseño, planificación e xestión dos programas internacionais de mobilidade e intercambio.

2. Baixo a dependencia da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación sitúanse as seguintes unidades:



- Oficina de Relacións Internacionais
- Centro de Linguas
- Oficina de Cooperación e Voluntariado

#### **Artigo 10. Competencias da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade**

1. A Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade asumirá por delegación do reitor as competencias relativas á programación e execución das infraestruturas novas, así como as relativas á planificación urbanística e calidade ambiental que afecte aos distintos campus da Universidade.

2. Baixo a dependencia directa da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade situaranse as seguintes unidades:

- Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos
- Oficina de Medio Ambiente

#### **Artigo 11. Competencias da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte**

1. A Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte asumirá por delegación do reitor as competencias relativas ás políticas de igualdade de xénero e de formación integral do estudantado mediante o acceso á actividade deportiva e cultural, voluntariado, e a difusión cultural entre a poboación.

2. Baixo a dependencia directa desta vicerreitoría estarán as seguintes unidades:

- Oficina de Igualdade
- Centro de Estudos de Xénero e Feministas
- Servizo de Publicacións
- Sección de Extensión Universitaria

#### **Artigo 12. Competencias da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social**

1. A Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social asumirá por delegación do reitor as competencias sobre a proxección e coordinación da Universidade no campus de Ferrol, así como as derivadas da desconcentración administrativa neste campus.

2. Baixo a dependencia da Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social, e co apoio da Vicexerencia do campus, sitúanse os servizos centrais e comúns do campus de Ferrol, así como a Oficina de Atención á Diversidade.

### **Artigo 13. Suplencia**

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade das persoas titulares dos órganos superiores e directivos centrais da Universidade, as competencias contidas nesta resolución serán exercidas, temporalmente e mentres persistan aquelas circunstancias, polo titular da vicerreitoría que corresponda segundo a orde de prelación establecida no artigo 1 desta Resolución reitoral. No caso da Xerencia, esta suplencia será exercida pola persoa titular da vicexerencia que corresponda segundo a orde de prelación establecida no artigo 3.5 desta resolución.

### **Artigo 14. Réxime da delegación de competencias**

1. As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta resolución farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas pola autoridade que as conferiu.
2. O reitor poderá reclamar motivadamente o exercicio das competencias que son delegadas por esta orde cando haxa circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o fagan conveniente.
3. Sen prexuízo da delegación de sinatura, non poderán delegarse as competencias que se exerzan por delegación.
4. Enténdese comprendido nas delegacións anteriores o exercicio da competencia para resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as resolucións que dite en virtude das facultades delegadas.